Pseudoestratificación



Sitúanse no mesmo lugar cás formacións anteriores. Recorda que a pseudoestratificación aínda que semella capas de pedra depositadas en estractos non son tal, senón diáclases paralelas unhas a outras que foron rompendo a pedra.

Abrigueiro do camiño ao Castelo



Pequeno abrigueiro de forma semicircular que está situado por riba do camiño que baixa ao coto Castelo, en Vincios. Nel apreciamos tamén unha zapa.

Punto de paisaxe

Se collemos o camiño que está por baixo do abrigueiro atoparemos uns metros máis abaixo o punto de control. Estás en Vincios, preto do lugar dos Casás. O Coto que tes diante de ti é o Castelo. Este coto ten forma de castelo medieval, de aí o seu nome.

Cientificamente chámase coto *acastelado*. Nel aprécianse perfectamente as diáclases perpendiculares unhas ás outras, son fracturas verticais e horizontais das pedras que deron lugar á formación do coto.

Tamén podes ver a enseada de Baiona, coa praia da Ladeira e a súa barra de area. Á dereita do Coto Castelo podemos ver o Montecastelo entre Vilaza e Camos, e á dereita do mesmo o alto de Sanomedio entre Chandebrito e Camos, O Outeiro Grande en Priegue e o Castro Chouzo e o Maúxo Grande, os dous en Coruxo. Pola banda esquerda apréciase o perfil máis preto de Gondomar da serra da Groba.

Pántano de Chaín / Muro antigo do pantano

Pregunta: *Como se chama o regueiro que alimenta principalmente o pantano de Chaín?*

Esta presa construíuse a finais dos anos 40 do século pasado polos veciños de Chaín. Grazas a ela todos os veciños con campos e leiras agrícolas beneficiábanse do rego, principalmente para millo. Tamén moitos outros aprenderon a nadar nas súas fondas augas. As pedras do seu muro trouxéronse en carretas das diferentes canteiras de granito da serra do Galiñeiro. Posteriormente, fíxose unha represa por debaixo do muro para aproveitar a auga que se perdía pola mala construción, pero aos poucos anos rompeu pola forza da auga.

A canle que sae do pantano conducía a auga á presa de Regodagua. Esta, á súa vez, ten dúas derivacións que repartían a auga a outras dúas presas máis pequenas e entre elas regaban os campos de toda a parroquia. Cada unha delas regaba 14 ferrados de terra.
A partir do mes de Xuño a "*auga da tanda*" repartíase en tres quendas cada 22 días, e regábanse ou "*atolábanse*" os diferentes campos. Poucos días antes limpábanse os diferentes manaciais e as presas para que non se atoasen.

O regueiro principal que alimenta o pantano é o "*río Cuberto*".
Aínda hoxe se segue cos regos coma antano, pero como non se traballan tanto os campos nos se fan apenas quendas.

Camiño e coto da Boca Aberta

Camiño enlousado de máis dun quilómetro que sae do pantano de Chaín e se dirixe en dirección ascendente cara ao coto da "*Boca aberta*", xa en Morgadáns, no lugar das "*Tomadas Loncas*". Na súa marxe esquerda apreciamos muros de granito de gran lonxitude en bo estado de conservación que teñen case 100 anos de existencia.

Utilizouse polos veciños e os que traballaban no Galiñeiro en labores de cantería, pastoreo e na madeira. Pódese apreciar o difícil que podía ser transportar pedra ou madeira por estes camiños estreitos, cheos de desequilibrios e de fortes pendentes.

Pedra boroa



Pregunta: *Como se chaman as pedras que recordan as aberturas que se fan na codia do pan de millo?*

Situada nos cotos de Vincios, preto do pantano de Chaín. Esta forma tan curiosa está explicada na parte teórica.

Cacheira nos cotos de Vincios

Pregunta: *Explica a formación dunha cacheira*

Situada preto dos cotos de Vincios, entre Chaín e os Casás, en Vincios.
Neste conxunto de penedos apreciamos diáclases, unha ventá e unha gran cacheira.

DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS

O profesorado decidirá que contidos é preciso traballar en cada materia previamente a desenvolver o traballo de campo desta unidade didáctica. Así, o profesorado considerará a preparación previa que os seus alumnos/as precisen antes de se enfrontar a práctica de orientación propiamente dita.

Expóñense as sesións tendo en conta que as tres primeiras realizaranse na aula, a cuarta nas instalacións do centro, e da quinta á duodécima na serra do Galiñeiro. Estas últimas están secuencialmente propostas tendo en conta a proximidade ao lugar de acceso á serra do Galiñeiro.

En todas elas faise mención do curso ou niveis que se recomenda realicen as sesións. Non se pretende que se realicen todas as sesións nun mesmo curso, xa que a realidade diaria e a infraestructura e loxística dos centros o impide. Suxírese que as sesións prácticas na serra pódense desenvolver dunha maneira transversal ao longo dos diferentes cursos tanto da ESO coma do Bacharelato. Dese xeito, os docentes poden escoller as sesións que mellor lles conveñan en función dos contidos que estean a traballar.

As preguntas sobre os diferentes puntos de control aconséllase realizalas unha vez que os alumnos cheguen de rematar todo o percorrido de cada sesión.

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**1ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** interpretación e lectura de mapas	
Lugar: aula	**Material:** mapas da serra	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- Repaso as características desta actividade de orientación - As escalas. Entregaránselles aos alumnos tres mapas de orientación iguais pero con tres escalas diferentes. Daráselles un tempo para analizalos e despois medirán distancias nos tres planos marcando puntos aleatorios e mediando a distancia entre cada un deles e a resultante de todos eles. - Explicar a actividade de orientación que realizarán días máis tarde na serra do Galiñeiro	Grupos de catro	Distinción entre competición e actividades lúdicas. Amosar mapas de diferentes escalas e comparalos. Entregar escalas gráficas de papel de 1:5.000, 1:4.000 e de 1:7.500. Falar dos puntos de control sen moitos detalles, dunha maneira xenérica	

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**2ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** confección de balizas e tarxetas de control	
Lugar: aula	**Material:** papel, cartón, tesouras, rotulares finos e grosos, regra, portafolios de plástico	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- Creación de balizas e tarxetas de control. Os alumnos confeccionarán as balizas e as tarxetas de control utilizando material de uso habitual do centro educativo	Por parellas ou tríos As tarxetas de control faranse de papel con cartón pegado por atrás cun tamaño máximo de 21 x 10 cm. As cuadrículas de cada punto de control, por exemplo, de 2 x 2 cm. As balizas pódense confeccionar cun folio con cartón polo seu dorso e dentro dun portafolios de plástico para que non se molle ou deteriore. Numeralas polo profesor ou poñer un nome característico. Tamaño entre A4 e A3. Facer balizas checas. A clave numérica ou simbólica ten que corresponder coa que ten o punto de control. Para as balizas checas empregaremos papeis ou cartóns, como moito, de tamaño 3 x 3 cm A lenda ou explicación de cada punto de control faraa o profesor correspondente.	Facer as balizas e as tarxetas con materiais que se reutilicen, de papeis ou cartóns do centro educativo. Para as balizas utilizaremos as cores da orientación a nivel internacional: unha diagonal de cor branca e a outra de cor laranxa	

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**3ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** manexo do mapa de orientación: as cores, simboloxía, curvas de nivel e puntos de reunión	
Lugar: aula	**Material:** mapas da serra, escalas gráficas de papel, follas de simboloxía, compás	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- As cores, a simboloxía e as curvas de nivel nun mapa de orientación: Os alumnos copiarán nunha folla partes pequenas dun plano da serra coas súas cores (que teñen unha numeración posta polo profesor). Engadirán os nomes dos accidentes do relevo e a simboloxía facendo referencia á numeración. - Puntos de reunión: Nos mesmos planos anteriores os alumnos marcarán no plano, sobre un itinerario balizado polo profesor, diferentes puntos de reunión.O profesor poralles balizas de saída e de chegada e eles engadirán puntos de reunión no entre elas tendo en conta que sexan puntos relevantes.	Parellas	Repartir mapas da serra, con simboloxía e as cores.	

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**4ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** realización dun percorrido sinxelo de orientación con tarefas engadidas	
Lugar: contorna do centro educativo	**Material:** mapa do centro educativo, compás, follas, bolígrafo, balizas	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- A partir dun mapa do centro educativo e arredores. Os alumnos orientarán o mapa con e sen compás, practicando a "técnica do polgar" Baliza 1ª: escribe 4 concellos da contorna da serra do Galiñeiro Baliza 2ª: debuxa e describe o que ves no norte deste punto, por exemplo o edificio "x" do centro educativo. Baliza 3ª: sinala 3 árbores de folla caduca e dúas de folla perenne dos nosos montes. Baliza 4ª: sinala 3 formacións rochosa que podemos atopar na serra do Galiñeiro	Parellas A orde das balizas non é para todos igual, facer tres percorridos coas mesmas balizas. Preferiblemente percorrido en estrela ou bucle. Cada parella levará unha folla onde anotará as	Facer a actividade no patio exterior cun mapa do centro educativo e inmediacións. Ter o plano sempre orientado Importancia de atopar as balizas por orde do plano Seguir co polgar e o mapa dobrado Actividade non competitiva. Facelo camiñando	

Baliza 5ª. Sinala 3 elementos da paisaxe Baliza 6ª. Que tipo de arte rupestre podemos atopar no galiñeiro? Baliza 7ª. Sinala 3 ou 4 características do cabalo galego Baliza 8ª. Dá oito pasos ao sueste, 4 pasos ao oeste e 6 pasos ao nordeste, que ves ? Baliza 9ª. Agochar anacos de papel que teñan escritas sílabas dun refrán coñecido, por exemplo: "A cabalo regalado non lle mires o dente". Na propia baliza hai unha lenda onde vai explicando onde se atopan estes anacos de papel. Por exemplo catro pasos ao sur atoparás un anaco, oito pasos ao nordés outro etc. Tentar xuntalos construíndo a frase orixinal.	respostas, un compás e un plano Tentar conquerir as balizas alternándose as parellas	Saída cada minuto, dúas ou tres parellas á vez, por exemplo.	

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**5ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** interpretación de fotografías e manexo do mapa	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, bolígrafo, follas, saquetas plásticas, luvas, asubíos	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- Entregaráselles aos alumnos fotografías de diferentes puntos da Panasqueira de Vincios (Parque forestal de Vincios) e os alumnos tentarán localizalos no plano. Marcarán no plano o lugar exacto da baliza dende a perspectiva da foto. Describirán o que está arredor dos puntos de control, os elementos do relevo e do plano máis característicos: camiños, pedras, árbores singulares, vexetación etc. Dividíronse dous percorridos de 8 e 5 puntos respectivamente. - Xogo: "Limpeza do contorno"	Parellas A clase divídese en dous grupos. Todos teñen luvas e saquetas (cada 5 persoas unha). Nun tempo determinado e nunha zona determinada recollerase todo o lixo que se poida e que entre na saqueta que se lles entregue. Non coller cristais nin ferralla. Gañará o grupo que leve máis saquetas cheas.	Saída cada dous minutos. Se nalgún momento perdemos o grupo ou o compañeiro, asubiar varias veces seguidas ata que nos encontren	Fotos, ver Anexo 3. Páx.:0. Mapas, ver Anexo 4. Páx.:0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**6ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** interpretación de fotografías e manexo do mapa	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, bolígrafo, follas, balizas	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- Entregaránselles aos alumnos fotografías de diferentes puntos das Chans dos Bromús (Zona do curro de Vincios) e tentarán localizalos no plano.Marcarán no plano o lugar exacto da baliza dende a perspectiva da foto. Describirán o que está arredor dos puntos de control, os elementos do relevo e do plano máis característicos: camiños, pedras, árbores singulares, vexetación etc. - Puntos de control a elixir polo profesor O profesor sinalará un percorrido con 3 ou 4 balizas nun plano e os alumnos fixarán outros tantos puntos de control intermedios sen balizar que sexan relevantes. Ao rematar o percorrido facelo tamén ao revés. Xogo para Primaria e primeiros cursos de Secundaria: buscar cocas ou bugallos de carballo e eucalipto e darlles diferentes usos de carácter lúdico: instrumentos musicais, bólas, bonecos etc	Parellas, tríos	Saída cada minuto e con distinta orde Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non encontramos o camiño asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen.	Fotos, ver Anexo 3. Páx.:0. Mapas, ver Anexo 4. Páx.:0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**7ª sesión**
Curso: recomendable ESO e Bacharelato	**Contido: i**nterpretación de fotografías e manexo do mapa	
Lugar: contorna do centro educativo	**Material:** mapa do centro educativo, compás, follas, bolígrafo, balizas	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
- Entregaránselles aos alumnos fotografías de diferentes puntos do contorno do pantano de Chaín e tentarán localizalos no plano.Marcarán no plano o lugar exacto da baliza dende a perspectiva da foto. Describirán o que está arredor dos puntos de control, os elementos do relevo e do plano máis característicos: camiños, pedras, árbores singulares, vexetación etc. Puntos de control a elixir polo profesor O profesor sinalará un percorrido con	Parellas Parellas	Saída cada minuto e con distinta orde Saída cada minuto e con distinta orde Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación.	Fotos, ver Anexo 3. Páx.:0. Mapas, ver Anexo 4. Páx.:0

3 ou 4 balizas nun plano e os alumnos fixarán outros tantos puntos de control intermedios sen balizar que sexan relevantes. Ao rematar o percorrido facelo tamén o revés.	Parellas	Se aínda así non encontramos o camiño asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen.	

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**8ª sesión**
Curso: recomendado ESO e Bacherelato	**Contido:** realización dun percorrido real de orientación	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, bolígrafo, follas, asubío, baliza checa	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
Os alumnos tentarán atopar os seguintes puntos de control: Punto de inicio Estrada Vincios Chenlo á altura do picadeiro de cabalos de Santa Lucía. De aí dirixiranse á panasqueira de "Faro de Frin" onde se comezará a sesión Puntos de control Peche de Pereirales Muíños naviculares de Santa Lucía Petróglifos de Santa Lucía Presa do Muíño do Asubío Muíño do Asubío Cova do Ficho Camiño do Ficho Cacheira retorcida Cova da Raís Xogos tradicionais e populares utilizando material atopado no medio natural. Paus, piñas etc. Por exemplo petanca, pateiro, béisbol etc.	Os diferentes grupos de alumnos (parellas recomendable) sairán de dous en dous minutos, por exemplo, e tentarán localizar o maior número de puntos de control seguindo a orde na que os dispuxo o mestre.	- Deixar nos diferentes puntos información relativa a eles coa súa numeración. Ao rematar os alumnos os percorridos faránselles algunhas preguntas relacionadas co que leron e viron nalgúns puntos. - Respectar os elementos de arte rupestre que nos atopemos (non pisalos nin tocalos). - Deixar balizas checas coa numeración da baliza do punto de control. Ao volver ao punto de reunión traer unha por parella e por baliza. - Facer o percorrido camiñando - Colocar cintas que corten o paso nas zonas que consideremos perigosas ou susceptibles de perderse. - Recordar: no compás a agulla vermella sempre marca o norte. - Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non encontramos o camiño asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen.	Mapas, ver Anexo 4. Páx.:0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**9ª sesión**
Curso: todos os niveis	**Contido:** realización dun percorrido real de orientación	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, bolígrafo, follas, asubío, baliza, baliza checa	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
Os alumnos tentarán atopar os seguintes puntos de control: Punto de inicio: Os Bromús Puntos de control Pedra boroa Penedo das Pías Punto de observación da paisaxe: Galiñeiro Norte Mámoas dos Bromús Petróglifos Agua da laxe IV Petróglifo Agua da laxe III Petróglifos Agua da Laxe I: Pedra das procesións. Muíño navicular de Agua da Laxe Cacheira no coto dos Bromús Curro de Vincios Xogos tradicionais e populares utilizando material atopado no medio natural. Paus, piñas etc. Por exemplo petanca, pateiro, béisbol etc.	Os diferentes grupos de alumnos (parellas recomendable) sairán de dous en dous minutos, por exemplo, e tentarán localizar o maior número de puntos de control seguindo a orde na que os dispuxo o mestre.	- Deixar nos diferentes puntos información relativa a eles coa súa numeración. Ao rematar os alumnos os percorridos faránselles algunhas preguntas relacionadas co que leron e viron nalgúns puntos. - Respectar os elementos de arte rupestre que nos atopemos (non pisalos nin tocalos). - Facer balizas checas coa numeración da baliza do punto de control. Ao volver ao punto de reunión teñen que traer unha por parella e por baliza. - Facer os percorridos camiñando - Colocar cintas que corten o paso nas zonas que consideremos perigosas ou susceptibles de perderse. - Recordar: no compás a agulla vermella sempre marca o norte. - Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non atopamos o camiño asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen.	Mapa, ver Anexo 4. Páx.: 0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**10ª sesión**
Curso: recomendado ESO e Bacharelato	**Contido:** realización dun percorrido real de orientación	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, asubío, baliza, baliza checa, bolígrafo	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
Os alumnos tentarán atopar os seguintes puntos de control: Punto de inicio: Os Bromús Puntos de control Nacemento dunha pía –cacheira. Punto de observación da paisaxe: As Cíes e Val Miñor Touba do Brión Casa do Demo Cova da Vella O Castrelo Muíños naviculares do Castrelo Petróglifo da pía e coviñas do Castrelo Pías verticais Pías Xigantes	- Os diferentes grupos de alumnos (parellas recomendable) saíran de dous en dous minutos, por exemplo, e tentarán localizar o maior número de puntos de control seguindo a orde na que os dispuxo o mestre.	- Deixar nos diferentes puntos información relativa a eles coa súa numeración. Ao rematar os alumnos os percorridos faránselles algunhas preguntas relacionadas co que leron e viron nalgúns puntos. -Respectar os elementos de arte rupestre que nos atopemos (non pisalos nin tocalos). - Facer balizas checas coa numeración da baliza do punto de control. Ao volver ao punto de reunión teñen que traer unha por parella e por baliza. - Colocar cintas que corten o paso nas zonas que consideremos perigosas ou susceptibles de perderse. - Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non atopamos o camiño asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen - Facer o percorrido camiñando	Mapa, ver Anexo 4. Páx.: 0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**11ª sesión**
Curso: recomendado ESO e Bacharelato	**Contido:** realización dun percorrido real de orientación	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, asubío, baliza checa, baliza, bolígrafo	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
Os alumnos tentarán atopar os seguintes puntos de control: Punto de inicio: Estrada Vincios-Chenlo desviación á canteira de Vilas- Seixiños Brancos Puntos de control Petróglifo Seixiños Brancos Presotes Seixiños Brancos Petróglifo Tomada de Xacobe Coto de Chan da Regha Punto de Observación da paisaxe,cantería: Galiñeiro Sur Ponte de Outeiro Mono Cova da Pía Valado de pedra Ventá de Valverdes de abaixo Formación dun coto Diáclase Ventá Acanaladuras Pseudoestratificación Abrigueiro do camiño ao Castelo Punto de observación da paisaxe: Coto Castelo, Baiona	- Os diferentes grupos de alumnos (parellas recomendable) saíran de dous en dous minutos, por exemplo, e tentarán localizar o maior número de puntos de control seguindo a orde na que os dispuxo o mestre.	-Deixar nos diferentes puntos información relativa a eles coa súa numeración.. Ao rematar os alumnos os percorridos faránselles algunhas preguntas relacionadas co que leron e viron nalgúns puntos - Respectar os elementos de arte rupestre que nos atopemos (non pisalos nin tocalos). - Facer balizas checas coa numeración da baliza do punto de control. Ao volver ao punto de reunión teñen que traer unha por parella e por baliza. - Colocar cintas que corten o paso nas zonas que consideremos perigosas ou susceptibles de perderse. - Se nalgún momento non sabemos onde nos encontramos, volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non atopamos o camiño, asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen - Facer o percorrido camiñando	Mapa, ver Anexo 4. Páx.: 0

Unidade didáctica:	ORIENTACIÓN EN PUNTOS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ETNOGRÁFICO E XEOLÓXICO NA SERRA DO GALIÑEIRO	**12ª sesión**
Curso: recomendado ESO e Bacharelato	**Contido:** realización dun percorrido real de orientación	
Lugar: Serra do Galiñeiro	**Material:** botiquín, compás, mapa da zona, asubío, baliza checa, baliza, bolígrafo	

TAREFA	ORGANIZACIÓN	ELEMENTOS CLAVES	REPRESENTACIÓN
Os alumnos tentarán atopar os seguintes puntos de control: Punto de inicio: Campo de fútbol de Chaín Puntos de control Pantano de Chaín Antiguo muro do pantano Camiño e Coto de Boca Aberta Pedra Boroa. Cacheira	- Os diferentes grupos de alumnos (parellas recomendable) saíran de dous en dous minutos, por exemplo, e tentarán localizar o maior número de puntos de control seguindo a orde na que os dispuxo o mestre.	- Deixar nos diferentes puntos información relativa a eles coa súa numeración. Ao rematar os alumnos os percorridos faránselles algunhas preguntas relacionadas co que leron e viron nalgúns puntos - Respectar os elementos de arte rupestre que nos atopemos (non pisalos nin tocalos). - Facer balizas checas coa numeración da baliza do punto de control. Ao volver ao punto de reunión teñen que traer unha por parella e por baliza. - Colocar cintas que corten o paso nas zonas que consideremos perigosas ou susceptibles de perderse. -Recordar: no compás a agulla vermella sempre marca o norte - Se nalgún momento non sabemos onde nos atopamos volver cara a atrás por onde viñemos ata que identifiquemos a realidade que temos diante co plano de orientación. Se aínda así non atopamos o camiño, asubiar varias veces seguidas ata que nos atopen - Facer o percorrido camiñando	Mapa, ver Anexo 4. Páx.: 0

SOPA DE LETRAS

Fíxate nos nomes de cada punto de control, xa que a sopa de letras terá algún nome ou elemento representativo de cada unha delas. Descubre, polo menos, 15

B	T	U	R	O	N	I	O	I	A	M	L	I	O	R	I	E	Ñ	I	L	A	G
R	I	B	E	N	T	E	V	O	X	O	X	O	D	S	U	M	O	R	B	R	Y
I	P	R	M	R	O	F	R	T	A	L	P	O	F	I	L	G	O	R	T	E	P
O	S	U	G	A	L	O	W	E	X	A	L	A	D	A	G	U	A	O	F	U	B
N	E	N	E	T	B	Q	E	O	D	U	E	S	P	C	M	Z	L	B	M	O	P
C	U	O	V	A	N	C	I	A	S	M	K	K	P	A	O	V	O	L	T	R	S
V	D	M	R	R	T	M	A	U	X	O	B	E	P	S	N	B	L	E	E	M	E
H	O	D	R	M	A	R	C	U	S	O	D	E	O	T	T	M	O	S	O	Y	U
J	E	S	Q	W	I	E	Z	U	T	R	M	I	R	R	E	Ñ	O	R	M	S	D
P	S	I	S	E	M	N	A	S	A	E	C	P	I	E	F	T	G	S	A	O	O
I	T	M	H	O	I	Z	P	B	I	N	H	A	E	L	E	A	X	T	R	S	E
L	R	C	U	R	R	O	A	E	I	K	A	U	N	O	D	A	L	V	C	G	S
P	A	P	U	O	T	L	C	V	L	I	I	L	T	A	R	E	V	F	O	R	T
C	T	E	Y	M	A	I	R	A	Ñ	M	N	O	N	U	C	W	R	F	S	O	R
Ñ	I	D	L	A	B	S	R	E	I	G	O	S	A	W	F	I	C	H	O	B	A
U	F	R	O	R	O	U	Z	X	M	A	V	E	R	O	X	O	T	A	I	P	T
J	I	A	X	I	R	S	A	I	P	S	A	D	O	D	E	N	E	P	B	I	I
F	C	Z	N	Ñ	G	A	P	G	A	N	D	O	C	E	I	B	E	B	U	O	F
C	A	S	A	D	O	D	E	M	O	N	S	O	L	I	M	A	C	T	S	S	I
C	C	S	A	D	O	D	E	M	O	N	Z	A	D	A	M	R	A	G	A	N	C
S	I	T	A	R	E	O	G	E	I	D	S	O	T	I	R	A	J	R	A	O	A
G	O	T	O	S	O	C	N	A	R	B	S	O	Ñ	I	X	I	E	S	R	F	C
V	N	M	O	L	N	E	L	E	B	M	A	M	O	A	P	R	O	T	E	A	E

SOLUCIÓN



DECLARACIÓN (RESUMIDA) INTERNACIONAL DOS DEREITOS Á MEMORIA DA TERRA (Digne, Francia, 1991)

Estes son algúns dos puntos aprobados:

- A nosa historia e a historia da Terra están intimamente ligadas. A súa orixe é a nosa orixe, a súa historia é a nosa historia e o seu futuro será o noso futuro.
- A face da Terra, a súa forma, son o noso ambiente. Este ambiente é diferente do de onte e será diferente do de mañá. Non somos máis ca un dos momentos da Terra; non somos finalidade, senón pasaxe.
- Así como unha árbore garda a memoria do seu crecemento e da súa vida no seu tronco, tamén a Terra conserva a memoria do seu pasado, rexistrada en profundidade ou na superficie, nas rochas, nos fósiles e nas paisaxes. Rexistro ese que pode ser lido e traducido.
- Os seres humanos sempre tiveron a preocupación de protexer a memoria do seu pasado, ou sexa, o seu patrimonio cultural. Só hai pouco tempo que se comezou a protexer o ambiente inmediato, o noso patrimonio natural. O pasado da Terra non é menos importante que o pasado dos humanos. Chegou o tempo de aprendermos a protexelo e protexéndoo aprenderemos a coñecer o pasado da Terra, ese libro escrito antes do noso advento e que é o patrimonio xeolóxico.
- Nós e a Terra compartimos unha herdanza común. Cada home, cada muller, cada goberno non é máis que depositario dese patrimonio. Cada un de nós debe comprender que calquera depredación é unha mutilación, unha destrución, unha perda irremediable. Todas as formas de desenvolvemento deben, pois, ter en conta o valor e a singularidade dese patrimonio.



BIBLIOGRAFÍA

BARROS JUSTO RAMIRO, "Muíños de río nas terras de Pontevedra", Deputación de Pontevedra, 1997

CAAMAÑO SUAREZ, "As construccións da arquitectura popular", Edi. Zeika 55 s.l., 2003

DORADO NAJERA A., "¿Qué es la biodiversidad", Fundación Biodiversidad, 2010

FERNANDEZ NOGUEIRA, F.J, "Contribución para o estudo da serra do Galiñeiro", Revista Glaucopis, Edita Instituto de Estudos Vigueses, nº 11/2005

FUNOLLET FELIU, "Las actividades en la naturaleza como marco de una educación física activa y eficaz", Revista Apunts, 1999

GARCIA CAMPORRO C., GUTIEREZ ROGER, X., "A paisaxe", Xunta de Galicia, 2000

LOPEZ PASTOR V., M., LOPEZ PASTOR E., M., "Tratamiento de la educación ambiental desde el área de educación física. Problematica y propuestas de acción", revista apunts nº 50, 76-81, 1997

MARTIN CARRASCO S., DOMINGUEZ DIAZ, M., "El deporte de la orientación en la naturaleza. Aportaciones a la educación y el desarrollo de los alumnos, y sus relaciones con el currículo de educación física", Ed. Wanceulen, 2007

MARTIN TAMAYO, J, C., LAHOZ RUHANO, M., "Aprende Orientación", 2011

MENDEZ FERRIN XOSE LUIS, "Nós, Galiñeiro", Edita Instituto de estudos Miñoranos, 2012

MIRAM MARGA, GONZALEZ PURA, "Os cotos de Chaín", 2005

PALACIOS AGUILAR J., CASTRO GONZALEZ, C., "O aproveitamento do contorno natural, rural e urbano na educación física", Cefore-Vigo, 2000

PEDRAYO OTERO, R., "Historia de Galiza", Edi.Nós, 1962

VARIOS AUTORES, "La educación del ocio y el tiempo libre a través de actividades deportivas, una nueva asignatura en el currículum de ee.mm.", revista apunts nº 27, 24-32, 1992

VARIOS AUTORES, "Ceibes no monte", proxecto interdisciplinar feito no IES Terra de Turonio-Gondomar, 2009

VARIOS AUTORES, "A natureza na cidade", Grupo Gaia, 2005

VARIOS AUTORES, "Arqueoloxía, catálogos do patrimonio 2", departamento de patrimonio histórico Concello de Vigo, 1998

VARIOS AUTORES, "O Folón (Coruxo) e as outras covas do sur de Vigo", Asocoación Veciñal de Coruxo, 2004

VARIOS AUTORES, "Petroglifos del litoral sur de la ría de Vigo", concello de Vigo, 1984

VARIOS AUTORES, "As ribeiras do Louro", Deputación de Pontevedra, 1989

VARIOS AUTORES, "Gondomar, Historia, Arte y Territorio", Ed. Ir Indo, 1995

VARIOS AUTORES, "Educación Física ESO 1", Bahía edicións, 1999

VARIOS AUTORES, "Tempo libre e natureza, manual do monitor", Penthalon edicións, 1989.

VARIOS AUTORES, "Geopark AROUCA Geologia e Património Geológico", Associaçao Geoparque Arouca, 2009.

VARIOS AUTORES, "As covas de Vincios", Comunidade de montes veciñais en man común de Vincios, 2005

VEIGA FERNANDEZ, ANTONIO, "Excavaciones en el Galiñeiro, poblado de As Jallas, 1970-71", Boletín nº 7 revista Glaucopis, año VII, nº 7, 2001

VELEZ BARRIO E., PEREIRO, M.C., "As montañas de Galicia", ED.Xerais, 1993

VILAR, X.L, "Dous cabalos bicándose?", Comunidade de montes e man común de Sta. Cristina da Ramallosa, 2008

VIDAL ROMANÍ, J.R. e TWIDALE, CH. R. "Formas y paisajes graníticos", de. Universidade da Coruña, 1998.

TOYOS, J.M. e RODRÍGUEZ GARCÍA, A. "Geología y geomorfología de la región entre Monteferro y O Rosal", AEPECT, 2010.

AGRADECEMENTOS

Especialmente a José Luís Armada por inculcarnos a moitas persoas o gusto e a afección polo deporte da orientación. Agradézolle a axuda na elaboración e o tratamento informático á hora de confeccionar os mapas de orientación así como o traballo de campo.

A Pura González polo seu apoio, correccións e achegas en materia de paisaxe e xeoloxía, e pola súa loita diaria e incansable a prol dun cambio na conciencia social baseada na educación integral da persoa.

A todas as persoas e asociacións que teñen na defensa do patrimonio, en todas as súas variantes, o seu modo de vida e de sentir o mundo. Eles abriron e mudaron moitas conciencias a prol desta causa, á vez que contribúen a que moita xente respecte máis o contorno e as raíces culturais.

Ao Instituto de Estudos Miñoranos, especialmente a Carlos Méixome, polo seu asesoramento e consello á hora de conquerir axudas para sacar a luz este traballo.

Aos veciños de Gondomar, que coa súa experiencia e saber colaboraron con este proxecto.

ANEXO 1. MAPA DO GALIÑEIRO



ANEXO 2. LENDAS

ANEXO 3. FOTOGRAFÍAS DAS SESIÓNS

Sesión 5ª

Sesión 6ª

Sesión 7ª

Sesión 5ª



Sesión 5ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
13
12
9
10
11
Punto Foto
9 9
10 10
11 11
12 12
13 13

Sesión 6ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
Punto Foto
1 1
2 2
3 3
4 4
5 5
6 6
7 7
1
2
3
4
5
6
7

Sesión 7ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
Punto Foto
1 1
2 2
3 3
4 4
5 5
6 6
7 7
8 8
9 9
10 10

Sesión 8ª


INICIO 8ª SESIÓN
PANASQUEIRA DE
FORO DE FRIN
MUIÑO NAVICULA
STª LUCIA
3
1
PECHE DE
PEREIRALES
2-4
PETRÓGLIFOS
STª LUCIA
8
CAMIÑO DO
FICHO
5
PRESA
DO MUIÑO
DO ASUBIO
6
MUIÑO
DO ASUBIO
7
COVA DO FICHO
9
CACHEIRA
RETORCIDA
10
COVA
DAS RAIS
100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m

Sesión 9ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
20
CURRO DO GALIÑEIRO
11
PEDRA BOROA
12
PENEDO DAS PÍAS
13
OBSERVACIÓN PAISAXE GALIÑEIRO N.
INICIO 9ª SESIÓN OS BROMÚS
14
MAMOAS
15
PETRÓGLIFO AGUA DA LAXE IV
16
PETRÓGLIFO AGUA DA LAXE III
17
PETRÓGLIFO AGUA DA LAXE I
18
MUIÑO NAVICULAR AGUA DA LAXE
19
CACHEIRA PÍA

Sesión 10ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
21
NACEMENTO PIA-CAHEIRA
OBSERVACIÓN PAISAXE
22
TOUBA DO
BRIÓN
23
CASA DO
DEMO
24
COVA DA
VELLA
25
O CASTRELO
26
MUIÑO NAVICULAR
CASTRELO

Sesión 10ª


INICIO 10ª SESIÓN
OS BROMUS
29
PIAS XIGANTES
28
PIAS VERTICAIS
27
PETRÓGLIFO DO
CASTELO
100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m

Sesión 11ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
37
VALADO DE PEDRA
36
COVA DA PÍA
35
PONTE DE OUTEIRO MONO
33
COTO CHAN DA REGHA
34
OBSERVACIÓN PAISAXE
GALIÑEIRO S. E CANTEIRA
ARTESANAL
32
PETRÓGLIFO
TOMADA DE XACOBE
INICIO
11ª SESIÓN
30
PETRÓGLIFO
SEIXIÑOS BRANCOS
31
PRESOTES
SEIXIÑOS BRANCOS

Sesión 11ª


44
ABRIGUEIRO DO CAMIÑO AO CASTELO
40
DIÁCLASE
41
VENTÁ E ACANALADURA
38
VENTÁ
39
FORMACIÓN DUN COTO
42
ACANALADURA
43
PSEUDOESTRATIFICACIÓN
45
OBSERVACIÓN PAISAXE O CASTELO E BAIONA
100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m

Sesión 12ª


100 m
300 m
500 m
0 m
200 m
400 m
50
CACHEIRA
46
PÁNTANO
DE CHAÍN
47
ANTIGO MURO
DO PÁNTANO
INICIO
12ª SESIÓN
49
PEDRA BOROA
48
CAMIÑO E COTO
DA BOCA ABERTA